



Departamento de Cultura

Biblioteca Municipal

A Perillana, 9 -11

36860 Ponteareas

e-mail: departamentocultura@ponteareas.es

Teléfonos: 986/661674.

CONCELLO DE PONTEAREAS

BASES DO CONCURSO DE COMPARSAS ENTROIDO 2015

1.- Poderán participar neste concurso todas as asociacións culturais, deportivas, etc. así como todos os grupos ou colectivos interesados en participar e divertirse nas festas do Entroido.

2.- As asociacións e colectivos interesados en participar terán que presentar a súa solicitude, segundo o modelo oficial, no Rexistro Xeral do Concello. O prazo de inscrición remata o día, 03 de febreiro ás 13:00 horas.

3.- As comparsas inscritas asistirán ao desfile o domingo, día 15, e o martes, día 17 de febreiro, con saída dende a Casa do Concello. Poderán interpretar as súas coplas ou cancións nun escenario habilitado para estas actividades na Praza Maior.

4.- Cada comparsa deberá contar cun mínimo de 20 membros para poder optar os premios e axudas en concepto de participación. O Concello establece unha axuda por participación para cada comparsa, sempre que participe os dous días sinalados, por importe de 200,00 euros. Establécese un límite máximo de 20 comparsas participantes. As subvencións recollidas nestas bases, por un importe máximo de 5.400.-euros, concederanse con cargo a partida 33000/48000 do orzamento municipal do ano 2015.

5.- Establécese os seguintes premios:

- Primeiro premio: 500,00 €
- Segundo premio: 300,00 €.
- Terceiro premio: 200,00 €
- Cuarto premio: 100,00 €
- Establécese un premio especial de 300 euros á mellor comparsa en representación das parroquias de Ponteareas. Este premio non poderá ser acumulado a outros premios.

6.- O xurado estará integrado por un representante de cada unha das comparsas inscritas, podendo nomear o Concello de Ponteareas dúas ou tres persoas independentes para formar parte do devandito xurado. Actuará como secretario do xurado un traballador do Departamento Municipal de Cultura.

7.- O xurado valorará a orixinalidade e colorido das comparsas, se está acompañada de carroza, se interpreta coplas, o número de compoñentes, a calidade e colorido do vestiario así como a súa actuación en xeral. Para ter dereito ao cobro dos premios e axudas á participación no concurso de comparsas, estas deberán asistir aos desfiles e actos programados o domingo e o martes de entroido. As comparsas que asistan só un día ao desfile non terán dereito a premio e percibirán 100 euros en concepto de participación. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios.

8.- Segundo o número de comparsas e grupos inscritos, poderá establecerse un tempo máximo por comparsa para a interpretación das coplas.

9.- Calquera cuestión non contemplada nas presentes bases será resolta segundo o criterio da organización, sen estar esta obrigada a comunicalo previamente. A participación neste concurso supón a aceptación das presentes bases.

Ponteareas, xaneiro de 2015.